



Resolución de concesión da axuda IG530B INDUSTRIA INNOVA 2026

RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDEN AS AXUDAS PARA A INICIATIVA INDUSTRIA INNOVA, DIRIXIDAS AO IMPULSO DE PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DA INNOVACIÓN NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO, ORIENTADOS A MELLORAR A SÚA CAPACIDADE MEDIANTE O IMPULSO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL, DESENVOLVEMENTO EXPERIMENTAL E A INNOVACIÓN DE PROCESOS E ORGANIZACIÓN, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027, E SE CONVOCAN PARA OS ANOS 2026, 2027 E 2028 EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IG530B).

A resolución do 30 de decembro de 2025 do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante IGAPE), estableceu as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas para a iniciativa Industria Innova, dirixidas ao impulso de proxectos de desenvolvemento da innovación no sector industrial galego, orientados a mellorar a súa capacidade mediante o impulso de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e a innovación de procesos e organización, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se convocan para os anos 2026, 2027 e 2028).

Mediante a resolución do 3 de agosto de 2026, ampliouse o crédito dispoñible establecido na Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a iniciativa Industria Innova.

Os artigos 3 e 4 das bases reguladoras establecen os requisitos que deben cumprir os proxectos e as persoas beneficiarias para poder optar ás axudas.

Unha vez revisada a documentación inicial dos expedientes xunto coa documentación achegada tralos requirimentos oportunos, o órgano instrutor formulou proposta de resolución de inadmisión de catro solicitudes que non cumprían coas esixencias contidas na convocatoria ou na normativa de aplicación.

As solicitudes que resultaron admitidas foron obxecto do proceso de avaliación segundo os criterios de valoración establecidos no artigo 20 das bases reguladoras. A valoración de cada proxecto presentado que reunía os requisitos realizouse sobre un total de 100 puntos, que se outorgaron atendendo a aspectos técnicos e económico financeiros e á potencialidade para xerar valor económico coa explotación dos seus resultados, segundo os criterios de valoración que se indican a continuación coas súas puntuacións máximas:





Bloque	Descrición ampliada	Puntuación máxima
A. Grado de innovación tecnolóxica do proxecto	Avalía o nivel de excelencia técnica e a novidade da tecnoloxía empregada, así como o seu grao de validación e impacto potencial.	33
1. Grao de innovación	Analízase o grao de innovación do proxecto en relación co estado da arte e o nivel de validación tecnolóxica ou organizativa acadado.	15
a) Proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental	Proxectos en que a tecnoloxía empregada foi probada, validada e certificada completamente nun contorno real. Pode implicar a existencia dun primeiro sistema/prototipo comercial sempre que se trate do produto comercial final e a súa fabricación resulte demasiado onerosa para o seu uso exclusivo con fins de demostración e validación.	0-5
	Proxectos en que a tecnoloxía empregada foi validada nun contorno relevante, operacional ou de simulación, sexa o sistema completo, un prototipo deste ou no nivel de compoñentes.	6-10
	Proxectos en que a tecnoloxía empregada foi unicamente validada no nivel de sistema ou compoñente nun contorno de laboratorio ou existe unha proba de concepto experimental validada.	11-15
b) Proxectos de innovación	Proxectos que inclúan a implantación dunha innovación organizativa ou en materia de procesos que foi probada, validada e certificada completamente nun contorno real no mesmo sector de actividade da entidade beneficiaria.	0-5
	Proxectos que inclúan a implantación dunha innovación organizativa ou en materia de procesos que foi probada, validada e certificada completamente nun contorno real distinto ao sector de actividade da entidade beneficiaria.	6-10
	Proxectos que inclúan a implantación dunha innovación organizativa ou en materia de procesos que non foi probada, validada e certificada completamente nun contorno real.	11-15
c) Obxectivos técnicos	Valorarase a adecuación dos obxectivos á finalidade do proxecto, ademais do seu encaixe para a consecución de medidas que favorezan o impulso da economía circular, a simbiose industrial (utilización de subprodutos ou residuos dunha empresa por outra) e a descarbonización das cadeas de valor. Teranse en conta o grao de concreción e a claridade expositiva.	5
d) Credibilidade da proposta	Examínase o rigor técnico, o estudo do estado da arte, resultados previos e análise de puntos críticos e factores de risco.	5
e) Mellora de procesos	Mide o potencial da tecnoloxía proposta para mellorar a eficiencia, flexibilidade e xeración de novos produtos ou funcionalidades.	3
f) Sustentabilidade	Avalía a capacidade do proxecto para fomentar a eficiencia enerxética, reciclaxe industrial e optimización de recursos.	5





B. Calidade e eficiencia da implementación	Avalía a calidade do plan de traballo, a súa coherencia interna e a capacidade da entidade para executar o proxecto con eficiencia.	30
a) Plan de traballo	Coherencia: Analízase a consistencia interna do proxecto, verificando que a metodoloxía, o plan de traballo, o cronograma e os entregables están ben definidos e son compatibles cos obxectivos xerais e específicos do proxecto.	3
	Eficacia: Avaliase a axeitada asignación de recursos humanos, materiais e financeiros a cada tarefa planificada, así como a xustificación das partidas orzamentarias. Nos proxectos en colaboración, valórase tamén a distribución equilibrada do orzamento entre os socios segundo o seu papel técnico.	3
	Industria sustentable: Examínase se as actividades do proxecto contribúen á sustentabilidade industrial, fomentando a eficiencia enerxética, a reciclaxe, a optimización de recursos e a mobilidade sostible. Premia os proxectos con accións concretas que reduzan o impacto ambiental e melloren a circularidade.	4
b) Capacidade técnica e económica	Capacidade técnica das entidades solicitantes: Avaliase a experiencia previa das entidades participantes na execución de proxectos de I+D+i, tanto individuais como en-colaboración. Analízanse as súas infraestruturas, medios técnicos, áreas de especialización e resultados conseguidos en proxectos anteriores. Tamén se ten en conta a capacidade de transferencia de coñecemento e de xestión de proxectos complexos.	10
	Capacidade do equipo humano participante: valorase a adecuación técnica dos perfís do persoal propio ou de nova contratación da entidade ou entidades participantes no proxecto para desenvolver o plan de traballo incluído nel.	10
C. Impacto socioeconómico do proxecto	Mide o impacto económico, social e ambiental do proxecto sobre o tecido industrial galego.	37
a) Explotación e orientación ao mercado	Eficiencia da estratexia de comercialización e protección IP Mercado potencial e apertura de novos mercados Impacto modelo empresarial de explotación.	25
b) Contribución á competitividade do modelo productivo de Galicia	Efecto de arrastre do proxecto: incorporación dos resultados tecnolóxicos do proxecto a cadeas de valor estratéxicas para Galicia, mellorando a competitividade a nivel internacional.	5
c) Desenvolvemento de procesos de innovación aberta	Incorporación de startups no proxecto de I+D+i (subcontratación/socio) Consideraranse startups, de acordo coa definición contida no artigo 3 da Lei 28/2022, do 21 de decembro, de fomento do ecosistema das empresas emerxentes, toda persoa xurídica, incluídas as empresas de base tecnolóxica creadas ao abeiro da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, de recente creación: que non transcorresen máis de cinco anos desde a data de ins-	5





	crición no Rexistro Mercantil, ou rexistro de cooperativas competente, da escritura pública de constitución, con carácter xeral, ou de sete no caso de empresas de biotecnoloxía, enerxía e industriais, e que reúna as condición especificadas nese artigo respecto da innovación e escalabilidade.	
d) Concello emprendedor	Para cada socio da agrupación que desenvolva as súas actividades do proxecto nun concello emprendedor outorgarase 0,5 puntos, ata un máximo de 2 puntos. Considérase concello emprendedor aquel que voluntariamente se una á iniciativa galega de concellos emprendedores promovido pola Administración autonómica, co obxecto de favorecer a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia, con plenas garantías de sustentabilidade económica e con redución das barreiras normativas e administrativas, en aplicación da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. A relación de concellos emprendedores pode consultarse neste enderezo: https://galicia-empresa.xunta.gal/concellos-emprendedores.	2

É requisito necesario para que un proxecto poida ser subvencionado que acade un mínimo de 60 puntos.

En caso de coincidir a puntuación de varias solicitudes, utilízouse como criterio de desempate o de maior puntuación sucesivamente nos criterios A, B, e C por esa orde.

Unha vez analizadas as memorias dos 24 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación e selección, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Innovación Empresarial do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á **convocatoria 2026 das axudas para a iniciativa Industria Innova, dirixida ao impulso de proxectos de desenvolvemento da innovación no sector industrial galego, orientados a mellorar a súa capacidade mediante o impulso de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e a innovación de procesos e organización.**

Vista a proposta de resolución que antecede





RESOLVO

Primeiro. Conceder as axudas aos proxectos que figuran no anexo I desta proposta, por orde decrecente de puntuación.

Segundo. Denegar a axuda aos proxectos que acadaron unha valoración inferior a 75,5 puntos para o sector automoción e de 76,5 puntos para o resto de sectores, por non dispoñer de crédito suficiente para o seu financiamento e que se relacionan no anexo II.

Terceiro. Desestimar as solicitudes que figuran no anexo III por acadar unha puntuación inferior a 60 puntos, de conformidade co disposto no artigo 20.3 das bases reguladoras.

Cuarto. Inadmitir as solicitudes indicando os motivos segundo anexo IV.

Quinto. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e das memorias que se establecen en documentos anexos.

Sexto. Publicar a resolución no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do Igape no enderezo <https://spiga.sede.igape.es>, de acordo co establecido no artigo 22.6 das bases reguladoras.

As axudas desta convocatoria son susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do programa Feder Galicia 2021-2027, Obxectivo político OP1 «Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e a comunicación, Prioridade 1.A «Transición dixital e intelixente», Obxectivo específico: RSO 1.1. «Desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e asimilar tecnoloxías avanzadas», Liña de actuación L.A.1.1.3. «Proxectos de I+D+i centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar ás empresas na súa transición industrial en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde.»

Recursos:

As resolucións individuais, segundo o establecido no punto primeiro, esgotan a vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

ORGANO EMISOR A directora xeral do Igape	TITULAR Covadonga Toca Carús	LUGAR DE EMISIÓN Santiago de Compostela	DATA A indicada no pé de páxina
---	---------------------------------	--	------------------------------------





Anexo I.- Proxectos beneficiarios (ordeados por puntuación)

SECTOR AUTOMOCIÓN

TITULO	ACRONIMO	NOTA	EXPEDIENTE	NIF	EMPRESA SOLICITANTE	LIDER	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	%	SUBVENCIÓN	2026	2027	2028
Investigación dun sistema intelixente para a xestión loxística interna para trazabilidade unitaria baseada en IA e Edge Computing	LOXIA	89,5	IG530B-2026-038	G36871424	Fundación CTAG (Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia)	Non	508.822,89 €	60,00%	305.293,73 €	71.065,28 €	124.314,23 €	109.914,22 €
			IG530B-2026-044	B02884971	Logilmelt Technologies, S.L.	Non	427.292,60 €	60,00%	256.375,56 €	8.455,85 €	120.646,47 €	127.273,24 €
			IG530B-2026-072	A36618247	Gestamp Vigo, S.A.	Si	1.672.813,00 €	40,00%	669.125,20 €	195.610,06 €	270.322,68 €	203.192,46 €
			TOTAL LOXIA		2.608.928,50 €			1.230.794,50 €	275.131,19 €	515.283,38 €	440.379,92 €	
Investigación da nova plataforma vehicular EREV ultralixeira con tracción eléctrica dstribuida para aplicacións de aventura.	TERRA	87,5	IG530B-2026-013	B22733745	Ithaka Collective, S.L.U	Si	10.678.162,18 €	60,00%	6.406.897,30 €	2.406.294,77 €	2.841.878,96 €	1.158.723,57 €
			TOTAL TERRA		10.678.162,18 €			6.406.897,30 €	2.406.294,77 €	2.841.878,96 €	1.158.723,57 €	
Humanoides para a loxística interna con bioinspección funcional, IA e validación experimental.	HUBE	77	IG530B-2026-026	G36871424	Fundación CTAG (Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia)	Non	1.515.416,39 €	60,00%	909.249,84 €	132.214,45 €	418.203,84 €	358.831,55 €
			IG530B-2026-055	B94163433	Ingeniería y Fabricación del Norte, S.L.	Non	419.130,80 €	60,00%	251.478,47 €	60.453,79 €	112.308,65 €	78.716,03 €
			IG530B-2026-056	B50846807	Benteler Automotive Vigo, S.L.U	Si	3.865.425,91 €	40,00%	1.546.170,36 €	383.234,19 €	616.557,04 €	546.379,13 €
			TOTAL HUBE		5.799.973,10 €			2.706.898,68 €	575.902,44 €	1.147.069,54 €	983.926,71 €	
Factory Acceleration for Green and Advanced Mobility through innovations Systems	FAGAMOS	75,5	IG530B-2026-004	G1530923	Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)	Non	798.843,34 €	54,4950177%	435.329,82 €	46.401,98 €	237.496,32 €	151.431,52 €
			IG530B-2026-005	G36871424	Fundación CTAG (Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia)	Non	9.541.324,99 €	54,4950177%	5.199.546,74 €	1.635.299,15 €	1.784.570,81 €	1.779.676,78 €
			IG530B-2026-006	B27763234	Probotec Procesos Industriales, S. L	Non	407.550,00 €	54,4950177%	222.094,44 €	100.216,34 €	77.464,66 €	44.413,44 €
			IG530B-2026-007	G369975229	Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIANT)	Non	516.699,17 €	54,4950177%	281.575,30 €	36.980,38 €	129.720,88 €	114.874,04 €
			IG530B-2026-008	G36606291	Asociación de Investigación Metalúrgica del Noreste	Non	1.354.855,51 €	54,4950177%	738.328,75 €	189.382,21 €	292.540,11 €	256.406,43 €
			IG530B-2026-009	B27798008	Ledisson A&IT, S.L.	Non	419.462,66 €	54,4950177%	228.586,25 €	72.101,00 €	86.447,83 €	70.037,42 €
			IG530B-2026-010	B27794718	Unimate Robótica, S.L.	Non	485.066,40 €	54,4950177%	264.337,02 €	136.292,24 €	92.691,01 €	35.353,77 €
			IG530B-2026-011	B75381855	Intemic Spain, S.L.	Non	380.475,00 €	54,4950177%	207.339,92 €	54.930,98 €	69.957,98 €	82.450,96 €
			IG530B-2026-012	B50629187	Stellantis España, S.L.	Si	10.744.745,03 €	36,3300118%	3.903.567,14 €	1.026.119,25 €	849.878,52 €	2.027.569,37 €
			TOTAL FAGAMOS		24.649.022,10 €			11.480.705,39 €	3.297.723,53 €	3.620.768,12 €	4.562.213,73 €	
TOTAL						43.736.085,88 €		21.825.295,86 €	6.555.051,93 €	8.125.000,00 €	7.145.243,93 €	



OUTROS SECTORES:

TITULO	ACRONIMO	NOTA	EXPEDIENTE	NIF	EMPRESA SOLICITANTE	LIDER	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	%	SUBVENCIÓN	2026	2027	2028
Primeiro Orbitador Navegado mediante Dinámica Atmosférica en VLEO	PONDAL	91	IG530B-2026-085	B05474267	Kreios Space, Sociedad Limitada	Sí	9.679.905,70 €	60,00%	5.807.943,42 €	1.330.987,04 €	3.145.969,35 €	1.330.987,03 €
					TOTAL PONDAL		9.679.905,70 €		5.807.943,42 €	1.330.987,04 €	3.145.969,35 €	1.330.987,03 €
Capacidades de autonomía enerxética aplicadas a equipos de tiro e elevación en entornos hostís e remotos	AUTENHIA	88,5	IG530B-2026-059	B27865658	Ferri Drive and Controls, S.L.	No	942.371,19 €	50,00%	471.185,59 €	107.980,03 €	255.225,53 €	107.980,03 €
			IG530B-2026-063	B36378537	Sumelga Galicia, S.L.	No	269.785,00 €	50,00%	134.892,50 €	30.912,87 €	73.066,77 €	30.912,86 €
			IG530B-2026-086	A36610129	Industrias Ferri, S.A.	Sí	1.402.517,50 €	50,00%	701.258,75 €	160.705,13 €	379.848,49 €	160.705,13 €
					TOTAL AUTHENTIA		2.614.673,69 €		1.307.336,84 €	299.598,03 €	708.140,79 €	299.598,02 €
Sistema Integral de Monitorización, Restauración Ecosistémica Post-Incendio e Certificación de Créditos de Carbono con UAS	DRONFORE	87	IG530B-2026-041	G91649616	Fundación Andaluza Desarrollo Aeroespacial	No	504.500,00 €	60,00%	302.700,00 €	69.368,75 €	163.962,50 €	69.368,75 €
			IG530B-2026-060	B70540208	Dooingit Ciberseguridad, S.L.	No	285.990,13 €	60,00%	171.594,07 €	39.323,64 €	92.946,79 €	39.323,64 €
			IG530B-2026-062	B15986771	Sistema Proyectos de Información, S.L.	No	550.187,87 €	60,00%	330.112,73 €	75.650,83 €	178.811,06 €	75.650,84 €
			IG530B-2026-065	B27476498	3EData Ingeniería Ambiental, S.L	No	281.137,50 €	60,00%	168.682,50 €	38.656,41 €	91.369,69 €	38.656,40 €
			IG530B-2026-066	B88383872	Cuatro Digital Technology, S.L.U.	No	373.905,00 €	60,00%	224.343,00 €	51.411,94 €	121.519,12 €	51.411,94 €
			IG530B-2026-074	B70341649	Aeromedia UAV, SL	Sí	823.996,00 €	60,00%	494.397,61 €	113.299,45 €	267.798,71 €	113.299,45 €
					TOTAL DRONEFORE		2.819.716,50 €		1.691.829,91 €	387.711,02 €	916.407,87 €	387.711,02 €
Deseño e Desenvolvemento dun Sistema Multi-Axente sobre un Ecosistema Dixital Unificado 4.0 para unha Industria Farmacéutica Intelixente, Resiliente e Cibersegura	ZENITH	86,5	IG530B-2026-058	B27851443	InInprosec Auto, S.L.	No	310.268,63 €	60,00%	186.161,18 €	42.661,94 €	100.837,31 €	42.661,93 €
			IG530B-2026-061	G36997229	Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicaciones de Galicia	No	591.477,74 €	50,00%	295.738,87 €	67.773,49 €	160.191,89 €	67.773,49 €
			IG530B-2026-075	A36201259	CZ Vaccines, S.A.U.	No	1.037.746,81 €	40,00%	415.098,72 €	95.126,79 €	224.845,14 €	95.126,79 €
			IG530B-2026-083	A02815223	Zendal Health, S.A.U.	Sí	566.000,00 €	40,00%	226.400,00 €	51.883,33 €	122.633,33 €	51.883,34 €
					TOTAL ZENITH		2.505.493,18 €		1.123.398,77 €	257.445,55 €	608.507,67 €	257.445,55 €
Energy-Harvest EcoCore Multidrive Suite	E-HEMS	85	IG530B-2026-081	B05297692	Datasight Consulting, S.L.U,	No	336.644,12 €	60,00%	201.986,47 €	46.288,57 €	109.409,34 €	46.288,56 €
			IG530B-2026-082	B27766880	Perizia Online, SL	No	565.121,90 €	60,00%	339.073,14 €	77.704,27 €	183.664,62 €	77.704,25 €
			IG530B-2026-084	B27828573	Sicom Creatilab, S.L	No	577.590,00 €	60,00%	346.554,00 €	79.418,63 €	187.716,75 €	79.418,62 €
			IG530B-2026-087	B36734184	Aitodetec, S.L	Sí	2.379.458,21 €	60,00%	1.427.674,93 €	327.175,51 €	773.323,92 €	327.175,50 €
					TOTAL E-HEMS		3.858.814,21 €		2.315.288,53 €	530.586,95 €	1.254.114,62 €	530.586,96 €
Sistema avanzado de acondicionamento sanitario e inmunoprotección para semillas de moluscos bivalvos	INMUBIVALV	77,5	IG530B-2026-078	A15333958	Envases de Galicia, S.A.	No	1.074.492,83 €	50,00%	537.246,42 €	123.118,97 €	291.008,48 €	123.118,97 €
			IG530B-2026-079	B15249865	J.J. Chicolino, S.L.U.	Sí	981.728,62 €	50,00%	490.864,31 €	112.489,74 €	265.884,83 €	112.489,74 €
					TOTAL INMUBIVALV		2.056.221,45 €		1.028.110,73 €	235.608,71 €	556.893,31 €	235.608,71 €
Desenvolvemento de ecosistema dixital para servitización e sustentabilidade do taboleiro de superficies decorativas	LAZOS	76,5	IG530B-2026-034	B27011477	Maderas Besteiro, S.L.	No	657.311,27 €	26,3250134%	173.037,28 €	39.654,38 €	93.728,53 €	39.654,37 €
			IG530B-2026-036	A15005499	Financiera Maderera, S.A.	Sí	7.374.424,28 €	21,0600104%	1.553.054,52 €	355.908,32 €	841.237,86 €	355.908,34 €
					TOTAL LAZOS		8.031.735,55 €		1.726.091,80 €	395.562,70 €	934.966,39 €	395.562,71 €
					TOTAL		31.566.560,28 €		15.000.000,00 €	3.437.500,00	8.125.000,00 €	3.437.500,00 €



ANEXO II.- Listaxe de agarda (esgotamento do crédito orzamentario)

Empresas do sector Automoción		
ACRÓNIMO	EMPRESA LIDER	PUNTUACIÓN
HUMAIN	TI Group Automotive Systems SA	71
HIEATG	Borgwarner emissions systems Spain SL	69,5
CINTIA	CT Grupo Copo SL	61,5

Empresas resto sectores		
ACRÓNIMO	EMPRESA LIDER	PUNTUACIÓN
SINERGY-GAL	Triple Alpha innovation SL	76
FILEGAL	Congalsa SL	75,5
SIMULATIR	Magallanes Renovables SL	71
APROVEITA	Valora Marine Ingredients SL	68
NANOSMARTCOAT	Galicia de pinturas SL	67,5





Anexo III: Solicitudes desestimadas

Empresa líder solicitante	Acrónimo do proxecto	Puntuación
Uarx Space SL	MEIGA	54,5

Anexo IV: Solicitudes non admitidas a trámite e causa de inadmisión

ACRÓNIMO	EMPRESA LIDER	Causa inadmisión
NOVA LIÑA PTO REDONDO	Novoberbes SL	Art. 3.4
PROLAC	José Miguel Vázquez Fortes	Art 3.4
INNOVAADG	Asientos de Galicia SL	Art. 4.1
METFIM2K	Maier Ferroplast SCGalega	Art. 4.1

Art 3.4: Incumplir os límites do orzamento subvencionable.

Art 4.1: Entidades beneficiarias: So serán admisibles os proxectos presentados por grandes empresas se cooperan con unha ou varias pemes, e estas deberán asumir no seu conxunto, un mínimo do 5% total dos custos subvencionables do proxecto.

